



Súmate ao cambio

100 propostas para o cambio.

Este documento constitúe un **resumo** do programa electoral co que o Partido Popular concorre ás eleccións do vindeiro 20 de novembro.

www.pp.es

www.rajoy.es



Máis sociedade, mellor goberno

Neste documento, o Partido Popular presenta algunhas das principais propostas que configuran o noso compromiso coa sociedade española. Sabemos que non vai ser doado, que non hai atallos, pero estamos preparados e temos a ambición, a coraxe e a capacidade de traballo para avanzar dende xa cara a España que todos precisamos.

A axenda de reformas do Partido Popular é o instrumento para o cambio que España precisa e esa axenda, que constitúe o núcleo do noso programa electoral, estrutúrase ao redor de seis eixes fundamentais.

- O crecemento económico e a xeración de emprego. Temos que sentar as bases dunha economía máis competitiva para recuperar a confianza e volver facer de España o mellor lugar para investir e crear emprego.
- A mellora da educación. Esta é a clave dunha sociedade de oportunidades. Non nos podemos resignar a dar por perdidas a varias xeracións de españois.
- A garantía da sociedade de benestar e da protección social, mediante reformas que garantan as prestacións ás futuras xeracións. Sanidade e educación para todos son a nosa prioridade.
- A reforma e a modernización do sector público baixo os principios de austeridade, transparencia e eficacia.
- O fortalecemento institucional e a rexeneración política. Precisamos institucións fiables, previsibles, a volta ao respecto pola lei e á seguridade xurídica.
- A proxección exterior do noso país, volver a ser fiables e cribles no mundo. Temos que aproveitar as oportunidades da globalización para a nosa sociedade.

O programa que o Partido Popular ofrece aos españois é un programa serio e crible, un programa realista e ambicioso para volver a crecer e para facer que España volva a ser un país próspero e forte. Con el imos derrotar á crise, con el abriremos de verdade o goberno aos cidadáns e con el levaremos a cabo reformas duradeiras.

Máis sociedade e mellor goberno é ao que debemos aspirar. É o que España precisa.

España ten futuro. Os españois teñen a solución. E por iso lles pedimos un mandato reformista e os convocamos a un gran proxecto integrador de recuperación económica, rexeneración institucional e prestixio internacional.



Estabilidade e reformas para o emprego

O Partido Popular ofrece un proxecto esperanzador no que a xeración de emprego e de oportunidades, a equidade, a mobilidade social e o compromiso co benestar serán os elementos clave para poder afrontar xuntos e con garantías de éxito as imprescindibles reformas económicas que España precisa para recuperar a senda da prosperidade.

A economía española precisa un horizonte de certeza. O noso proxecto confía nas posibilidades da sociedade española, que sempre deu o mellor de si mesma cando foi chamada a grandes tarefas en común.

Daremos o protagonismo á sociedade para liberar o seu potencial. A creación de emprego será a clave para que todos os cidadáns poidan facerse donos do seu propio futuro e dos novos espazos de liberdade.

O Partido Popular ofrece unha política económica que permitirá aos españois estar en condicións de competir con éxito na economía global do coñecemento.

Comprometémonos a asumir plenamente e a cumprir con exemplaridade os compromisos de estabilidade co resto de socios da moeda única. Só así España poderá recuperar a máxima calidade crediticia e os emprendedores españois poderán acceder ao financiamento en condicións comparables ás das nacións máis prósperas e cribles de Europa. España e o euro serán de novo a mellor plataforma para que empresas e traballadores se proxecten ao mundo con confianza e amparados por un marco institucional seguro e fiable.

Estabilidade e reformas constituirán as bases dun novo modelo económico que favorecerá a reasignación eficiente de recursos produtivos entre empresas e sectores, facilitando a busca de novas oportunidades por parte de emprendedores e traballadores.

A recuperación do potencial de crecemento da economía española, mediante unha completa axenda de reformas que modifique as estruturas económicas do país, será a tarefa prioritaria dun novo proxecto político comprometido co benestar. Crecer máis e facelo sen desequilibrios permitiranos mellorar as expectativas de futuro, xerar confianza e impulsar un ciclo virtuoso de crecemento e emprego. Isto é o que precisan os españois, sobre todo a xeración de mozos que hoxe están expulsados do mercado laboral.



1.1. España, competitiva no euro

- 01.** Presentaremos un plan completo e coherente de reformas estruturais para a estabilidade orzamentaria, o saneamento do sector financeiro, a liberalización da economía, a reforma laboral e o impulso da competitividade. Proporcionaremos un marco de claridade e certeza con obxectivos, medios e accións que permita o éxito de España no euro.
- 02.** No primeiro ano de lexislatura levaremos a cabo unha revisión xeralizada do gasto para o conxunto da administración, de xeito que se poidan establecer prioridades dentro da política xeral de austeridade e evitar solapamentos.
- 03.** Fixaremos un marco legal e institucional específico para garantir a unidade do mercado que estableza os seus principios reitores, ámbitos de aplicación e os mecanismos interterritoriais de solución de conflitos para garantir a liberdade económica, fomentar a competencia e garantir a igualdade no acceso aos bens e servizos en toda España.
- 04.** Desenvolveremos un plan xeral de marca España que poña ao servizo dos exportadores e inversores a imaxe dun país de excelencia en todos os ámbitos.

1.2. As contas públicas, en orde

- 05.** Promoveremos unha nova lei orgánica de estabilidade orzamentaria para o desenvolvemento da recente reforma constitucional. Estableceremos na lei os mecanismos de participación do Consello de Política Fiscal e Financeira. Precisaremos os procedementos de distribución dos límites de déficit e débeda entre as distintas administracións, os supostos excepcionais, a forma e prazo de corrección das desviacións e as responsabilidades derivadas dos seus incumprimentos.
- 06.** Levaremos a cabo un plan de austeridade que comprometerá ao conxunto das administracións, eliminará gastos superfluos e duplicidades e introducirá incentivos á eficiencia. Racionalizaremos e, eventualmente, suprimiremos aqueles organismos, entes públicos e entidades instrumentais cuxas funcións poida asumir a administración sen prexuízo do labor que desenvolvan. Fomentaremos unha política integral de xestión do patrimonio inmobiliario e os alugueiros de todas as administracións.
- 07.** Reforzaremos as responsabilidades e sancións aos xestores públicos que incumpran as regras de estabilidade orzamentaria.

1.3. Crédito para financiar a recuperación

- 08.** Culminaremos o saneamento e a reestruturación do sistema financeiro. Facilitaremos a xestión activa do patrimonio danado das entidades financeiras que o precisen. A posta no mercado dese patrimonio farase con criterios de transparencia, concorrência e supervisión independente.



- 09.** Potenciaremos o desenvolvemento dos mecanismos non bancarios de financiamento empresarial. Impulsaremos o desenvolvemento dos mercados de capitais a través da modernización e maior eficiencia das súas infraestruturas e do fomento do aforro a longo prazo e previsional. Fomentaremos o desenvolvemento dos mecanismos de participación no capital empresarial como *business angels*, capital semente ou *private equity*.

1.4. Emprego seguro e flexible para todos

- 10.** Poremos en marcha unha reforma integral do mercado laboral que dea resposta ao drama social sen precedentes que representa un país con cinco millóns de parados. Esta reforma integral suporá un cambio coherente e coordinado da contratación, a negociación colectiva, o sistema de relacións laborais, a formación orientada ao emprego e a intermediación.
- 11.** Simplificaremos a tipoloxía de contratos laborais para reducir a temporalidade e dar expectativas de estabilidade, flexibilidade e seguridade a todos os traballadores e empresas.
- 12.** Reformaremos a estrutura e contidos da negociación colectiva de xeito que cada materia se negocie nun ámbito territorial ou sectorial óptimo para garantir a competitividade económica, a sostibilidade do emprego e a unidade de mercado. Prevalecerán en cuestións salariais e condicións de traballo os convenios ou acordos de empresa que pacten os empresarios e os traballadores.

1.5. Máis emprendedores para a creación de emprego

- 13.** Modificaremos, de acordo coa normativa europea, o réxime do IVE para que autónomos e pemes non teñan que pagar o imposto ata que efectivamente se efectúe o cobro das facturas correspondentes. Articularemos un mecanismo áxil e efectivo para compensar as débedas tributarias de pemes e autónomos coas cantidades que teñan recoñecidas e pendentes de cobro por parte da mesma administración.
- 14.** Impulsaremos unha nova lei para o apoio aos emprendedores que favoreza as novas iniciativas empresariais e o desenvolvemento da actividade de pemes e autónomos.
- 15.** Aprobaremos un apoio fiscal, por importe de 3000 euros, pola contratación do primeiro traballador que non teña a condición de socio dunha empresa de nova creación. Bonificaremos as cotizacións sociais para os autónomos empresarios que contraten ao seu primeiro traballador non socio.



1.6. Reforma fiscal para o crecemento e a equidade

- 16.** Modernizaremos o imposto sobre a renda co obxectivo de favorecer o aforro, a inversión e o emprego. Fomentaremos fiscalmente o aforro a longo prazo mediante a creación dunha nova dedución no IRPF polo incremento anual do aforro, que inclúa a adquisición de vivenda habitual. Melloraremos a tributación das prestacións dos plans de pensións. Elevaremos os mínimos familiares no IRPF adaptándoos mellor ás circunstancias dos contribuíntes, especialmente en relación coas familias numerosas.
- 17.** No imposto de sociedades xeralizaremos a aplicación ás empresas de reducida dimensión do tipo impositivo do 20 por cento; ampliaremos o ámbito de aplicación do tipo do 25 por cento. Simplificaremos o sistema de deducións.

1.7. Enerxía de calidade para impulsar a economía

- 18.** Desenvolveremos unha política enerxética que garanta a subministración, a competitividade, a eficiencia enerxética e a sostibilidade ambiental. Contaremos cunha mestura enerxética equilibrada que teña en consideración todas as fontes de enerxía existentes e as capacidades dispoñibles.
- 19.** Fomentaremos o desenvolvemento e despregamento das redes eléctricas intelixentes e dos dispositivos domésticos que permitan a xestión voluntaria da demanda a través da subministración de información en tempo real sobre os consumos.

1.8. Innovación para o emprego

- 20.** Actualizaremos a estrutura de incentivos fiscais que potencien a inversión en I+D empresarial, con atención preferente ás empresas emerxentes, ás pemes innovadoras e aos sectores prioritarios como a saúde, a enerxía e o transporte, conforme ás mellores prácticas europeas. Impulsaremos o mecenado.
- 21.** Reforzaremos o marco legal para a protección da propiedade intelectual e industrial.
- 22.** Apoiaremos decididamente aos centros tecnolóxicos, os centros de apoio á innovación tecnolóxica e os parques científicos e tecnolóxicos para a mellora da competitividade das empresas, potenciando a xeración de coñecemento tecnolóxico, realizando actividades de I+D+i e desenvolvendo a súa aplicación. Restableceremos os programas específicos orientados á I+D estratéxica, a cooperación entre centros e a participación en programas europeos.



1.9. Novas tecnoloxías para a modernización

- 23.** Suprimiremos o canon dixital e substituírémolo por novos modelos de xestión e retribución da propiedade intelectual máis xustos e equitativos, baseados no uso efectivo das obras.
- 24.** Impulsaremos a extensión das redes de nova xeración, tanto fixas como móbiles, e o desenvolvemento de novos servizos baseados nelas. Promoveremos a eliminación de barreiras normativas e administrativas ao despregamento destas infraestruturas.

1.10. As infraestruturas que precisamos

- 25.** Desenvolveremos novas plataformas de conexión e intercambio modal e acometeremos a conexión dos portos de interese xeral aos corredores multimodais e, en particular, dos portos que formen parte das autoestradas do mar aos corredores ferroviarios de mercadorías. O obxectivo é que os portos españois se convertan en verdadeiros centros loxísticos intermodais de proxección internacional. Promoveremos o desenvolvemento dunha rede de Alta Velocidade moderna, sostible e eficiente e favoreceremos a súa conexión coa rede aeroportuaria.
- 26.** Regularemos a obriga de todas as administracións de actuar para acometer a supresión dos puntos negros e daqueles tramos identificados como de concentración de accidentes. Reforzaremos a seguridade activa e pasiva de peóns, ciclistas e motoristas na nosa rede viaria, mellorando a sinalización e ampliando a implantación de barreiras protectoras axeitadas.

1.11. Política de vivenda para o crecemento e a cohesión

- 27.** Aplicaremos á compravenda de vivendas habituais, de xeito transitorio, o IVE superreducido. Actualizaremos a dedución por adquisición de vivenda no IRPF.
- 28.** Reformaremos a lei concursal para introducir nos procedementos de insolvencia das persoas físicas, coas debidas garantías para evitar comportamentos abusivos, mecanismos de liberación dos debedores trala execución do patrimonio embargable.
- 29.** Promoveremos que os plans de vivenda en alugueiro se concentren naqueles que teñen maiores dificultades para o acceso á vivenda, tendo en conta criterios obxectivos como a renda per cápita do fogar. Impulsaremos os programas de arrendamento bonificado cunha opción a compra unha vez que se deixen de cumprir os criterios de acceso ao alugueiro subvencionado.



1.12. España, potencia turística mundial

- 30.** Presentaremos un plan integral de turismo que valore o sector como prioritario, mellore a súa fiscalidade e desenvolva políticas transversais entre todos os ministerios implicados no sector. Para este obxectivo, buscaremos a colaboración das comunidades autónomas e a participación do sector privado.
- 31.** Potenciaremos a imaxe de España como destino turístico de calidade, modernizando e mellorando a rede de oficinas de turismo de España no exterior. Apostaremos pola celebración de grandes acontecementos culturais e deportivos en España. Potenciaremos a marca España como referente dunha oferta turística de calidade.

1.13. Un sector agroalimentario competitivo e vertebrador

- 32.** Promoveremos a incorporación de mozos á actividade agraria para frear o abandono do campo e o envellecemento da poboación rural, así como para facilitar o relevo xeracional. Impulsaremos a participación efectiva da muller na xestión das explotacións.
- 33.** Elaboraremos unha estratexia nacional para a aplicación e defensa da nova PAC. Fomentaremos a internacionalización do sector agroalimentario español, mediante a promoción da súa industria e o apoio á implantación da nosa gastronomía no ámbito europeo e internacional.

1.14. Pesca sostible e con futuro

- 34.** Actualizaremos a normativa para adaptala á nova Política Pesqueira Común e aos seus criterios de xestión e ordenación para que resolva de xeito eficaz, rigoroso e permanente a regularización da frota. Incorporaremos ao ordenamento xurídico medidas dirixidas a disuadir a pesca ilegal.
- 35.** Promoveremos a colaboración internacional na loita contra a pirataría, coordinando mellor medios e accións.

1.15. A industria como factor de competitividade

- 36.** Acometeremos as reformas estruturais necesarias para que as empresas españolas non se enfronten a custos de capital e de produción máis caros cós seus competidores.
- 37.** Impulsaremos o desenvolvemento da industria española con actuacións dirixidas a facilitar a innovación, os procesos de crecemento empresarial, o aumento da intensidade exportadora e a simplificación do marco regulador.



**Súmate
ao cambio**



Educación, camiño de oportunidades

As medidas que presentamos no noso programa están dirixidas a garantir unha maior esixencia académica, o recoñecemento do esforzo e o mérito, o dominio do inglés ao final da etapa obrigatoria e a autonomía dos centros combinada coa rendición de contas. Só un sistema educativo de calidade permitirá a igualdade real de oportunidades para que cada alumno acade o seu máximo potencial. A igualdade de oportunidades obriga tamén a desenvolver medidas e programas para os estudantes con necesidades educativas especiais. O noso propósito é que ningún alumno quede atrás.

O elemento central para garantir un sistema educativo de calidade é o profesorado, cuxo prestixio e autoridade se viron socavados no modelo actual. Ademais, a adecuación ás novas realidades obriga a mellorar a súa selección e proceso formativo cun modo de acceso á carreira docente que saliente o seu carácter de corpo nacional.

Precisamos que o sistema educativo conte coas familias e confíe nas súas decisións. Estamos comprometidos cunha educación pública de calidade e unha oferta educativa plural de iniciativa social que permita responder ás preferencias de ideario ou de modelo pedagóxico das familias.

A formación profesional tense que converter nun poderoso instrumento para o emprego dos mozos. Queremos unha formación profesional estreitamente vinculada á empresa que combine a formación no centro docente co traballo dentro da empresa e que dea resposta á demanda do mercado laboral.

Unha educación secundaria de calidade incentiva tamén a calidade das universidades. Quedan moitos aspectos por mellorar nas nosas universidades. Precísanse novos modelos de financiamento vinculados a resultados e unha gobernación que garanta unha mellor xestión e a rendición de contas.

A investigación, a innovación e a transferencia son elementos imprescindibles para desenvolver unha economía competitiva e avanzada. O nivel acadado na investigación básica esixe aspirar a maiores niveis de excelencia. As universidades teñen que ser auténticas fábricas de coñecemento para a sociedade española. Para iso, é preciso potenciar a mobilidade, a internacionalización e a avaliación de resultados.



2.1. Educación de calidade para todos

- 38.** Melloraremos a educación obrigatoria e gratuíta ata os 16 anos, reformando a súa estrutura para reducir o abandono educativo precoz e elevar a formación dos alumnos. A educación secundaria terá unha organización máis flexible, que ofrezca vías formativas de acordo cos intereses, motivacións e progresos dos alumnos. O bacharelato constará de 3 cursos, o primeiro dos cales terá carácter de curso de iniciación.
- 39.** Poremos en marcha un novo modelo de selección e formación de carácter nacional para o acceso á profesión docente, que atraia aos mellores expedientes académicos e teña como criterios de selección o mérito e a capacidade. Promoveremos o recoñecemento por lei do profesorado como autoridade pública no exercicio da súa actividade e impulsaremos a introdución de incentivos ao seu labor.
- 40.** Promoveremos o bilingüismo castelán-inglés en todo o sistema educativo dende o segundo ciclo de educación Infantil. Reforzaremos o ensino dun segundo idioma estranxeiro. Impulsaremos a opción dunha educación trilingüe nas comunidades autónomas con lingua cooficial, ata o final do bacharelato.

2.2. Formación profesional para o emprego

- 41.** Instauraremos unha nova modalidade de formación profesional de carácter dual, que permita aos mozos desempeñar dentro do proceso formativo a súa primeira experiencia laboral. Impulsaremos un ambicioso programa de bolsas-salario.
- 42.** Recuperaremos a formación como primeira política activa de emprego. Melloraremos o axuste da formación proporcionada aos desempregados ás necesidades do mercado laboral. Aproveitaremos todas as oportunidades tecnolóxicas para favorecer a formación profesional a distancia e de xeito específico dos certificados de profesionalidade. Adaptaremos a oferta ás necesidades das persoas con discapacidade.
- 43.** Faremos efectivo o dereito individual á formación permanente e a recualificación dos traballadores ao longo de toda a súa vida laboral mediante a implantación dun bono formación, a apertura da oferta formativa e a avaliación rigorosa da efectividade das políticas activas de emprego.

2.3. Universidades de excelencia

- 44.** Estableceremos un marco xeral de financiamento para as universidades que sexa suficiente, estable e transparente, que fomente a especialización e a excelencia, recoñeza os resultados docentes e investigadores e promova a inserción laboral dos seus alumnos. Abriremos maiores espazos ao mecenado, o patrocinio e a colaboración coas iniciativas sociais.



- 45.** Potenciaremos a internacionalización das universidades, dos seus profesores e dos alumnos. Impulsaremos o intercambio de profesorado, a docencia de grao e posgrao en inglés e as titulacións conxuntas con universidades estranxeiras.
- 46.** Impulsaremos un sistema de bolsas que potencie a excelencia e a igualdade de oportunidades nos estudos universitarios como factor clave para o éxito dunha sociedade. Melloraremos a coordinación do sistema universitario para que funcione como un distrito único en toda España. Apoiaremos os programas de mobilidade dos estudantes no marco do espazo europeo de educación superior.

2.4. Novas fronteiras para a ciencia e o coñecemento

- 47.** *Ofreceremos á sociedade un mapa nacional de recursos científicos e tecnolóxicos e daremos a máis ampla difusión ás capacidades e resultados de cada un dos axentes públicos de investigación.*
- 48.** Actualizaremos a estrutura de incentivos fiscais para potenciar o I+D empresarial, con atención preferente ás empresas emerxentes, pemes innovadoras e aos sectores máis estratéxicos (saúde, enerxía e transporte).



Comprometidos co benestar

É o momento da sociedade. Nós confiamos na xente. A saída da crise é responsabilidade de todos, xa que todos nos temos que adaptar e dar o mellor de nós mesmos para construír un futuro mellor. Precisamos máis sociedade e mellor goberno.

O noso principal obxectivo en política social é garantir o Estado de Benestar. Durante os últimos anos sementáronse dúbidas sobre a sostibilidade do sistema sanitario, sobre a viabilidade das pensións e sobre a posibilidade de manter as liñas fundamentais do noso Estado de Benestar. O Partido Popular comprométese a preservar o carácter universal e a calidade dos servizos públicos que conforman o Estado de Benestar. Promoveremos un serio programa de reformas que o faga máis eficiente e garanta a súa sostibilidade.

Estamos comprometidos cunha sanidade pública de calidade, accesible en condicións de igualdade a todos os españois, eficiente e sostible. Faremos do paciente o eixe do sistema. E a responsabilidade dos profesionais sanitarios vai ser a panca da eficiencia.

Reafirmamos o noso compromiso de facer unha sociedade integradora con oportunidades para todos. Impulsaremos o labor da iniciativa social na atención dos máis desfavorecidos, articulando políticas transversais de loita contra a exclusión social e a pobreza e gañando en flexibilidade, participación social, coordinación e transparencia.

Queremos contar coas familias para devolver o dinamismo á sociedade, para mellorar a educación e transmitir valores aos nosos fillos. E para que as familias poidan desenvolver o seu inestimable labor de cohesión social deben contar co apoio decidido das administracións públicas.

As nosas políticas de igualdade irán dirixidas a que homes e mulleres poidan organizar con liberdade os seus proxectos persoais e as súas responsabilidades familiares.

Apoiaremos o novo papel dos maiores non só na familia senón no conxunto da sociedade, eliminando toda discriminación laboral, ampliando o ámbito dos servizos sociais nos que poden colaborar e promovendo un sistema de pensións máis flexible. O Partido Popular está comprometido co mantemento do poder adquisitivo das pensións.

Deseñaremos unha estratexia transversal como mellor fórmula para facer efectiva a autonomía persoal das persoas con discapacidade.



3.1. A familia: primeira sociedade de Benestar

- 49. Aprobaremos un plan integral de apoio ás familias, dirixido fundamentalmente a promover as medidas que faciliten a compatibilización da vida profesional e familiar.
- 50. Fortaleceremos a loita contra os delitos en internet, con especial atención á protección da infancia. Reduciremos a exposición dos nenos a contidos sexuais ou violentos. Garantiremos a protección dos menores nos medios audiovisuais, esixindo o estrito cumprimento dos horarios de protección infantil. Loitaremos para acabar co *marketing* irresponsable dirixido aos nenos.
- 51. A maternidade debe estar protexida e apoiada. Promoveremos unha lei de protección da maternidade con medidas de apoio ás mulleres embarazadas, especialmente ás que estean en situacións de dificultade. Impulsaremos redes de apoio á maternidade. Cambiaremos o modelo da actual regulación sobre o aborto para reforzar a protección do dereito á vida, así como das menores.

3.2. Priorizar en saúde

- 52. Adoptaremos todas aquelas medidas que garantan o acceso universal a unhas prestacións de calidade. Estableceremos unha carteira de servizos, básica e común, no sistema nacional de saúde. Incorporaremos todas aquelas innovacións que supoñan unha mellora real no tratamento das doenzas. Acometeremos as reformas necesarias para mellorar a accesibilidade, eliminar a burocracia e gañar eficiencia na xestión.
- 53. Impulsaremos a tarxeta sanitaria, a historia clínica electrónica e a receita electrónica única, compartida e interoperable para que toda a información dispoñible do paciente poida estar accesible en calquera centro sanitario de España. Promoveremos plataformas informáticas para que os pacientes, de xeito individualizado e con total garantía da súa privacidade, poidan recibir información e tratamento das súas patoloxías. Impulsaremos o calendario vacinal único, común a todas as comunidades autónomas.

3.3. O benestar dos nosos maiores

- 54. Estableceremos un estatuto das persoas maiores no que se establecerán principios como a non discriminación, o fomento da autonomía persoal, a participación activa dos maiores na nosa sociedade e a libre elección dos servizos sanitarios e sociais.
- 55. O Partido Popular está comprometido co mantemento do poder adquisitivo das pensións. Fomentaremos que se poida cobrar parcialmente a pensión e continuar traballando de xeito efectivo. Fomentaremos que a pensión sexa máis proporcional ás cotizacións efectivamente realizadas ao longo da vida laboral. Promoveremos unha maior transparencia nas pensións, reforzando a información sobre as expectativas da pensión futura mediante un informe anual e personalizado.



- 56.** Perseguiremos as malas prácticas e as situacións de abuso á confianza debida ás persoas maiores no ámbito familiar, comercial, financeiro e dos servizos asistenciais.

3.4. Igualdade real

- 57.** Aprobaremos un plan integral de apoio á conciliación da vida laboral, persoal e familiar de homes e mulleres, cuxa finalidade principal sexa a eliminación de obstáculos que limiten esa conciliación. Incorporaremos incentivos fiscais para aquelas empresas que creen gardarías nos seus centros de traballo. Promoveremos a flexibilización dos horarios no traballo e nos centros escolares, así como medidas de promoción do teletraballo.
- 58.** Flexibilizaremos o uso do tempo do que dispoñen os traballadores para facer fronte a asuntos propios, mediante unha bolsa de horas que poidan distribuír libremente.
- 59.** Loitaremos de forma efectiva contra a violencia de xénero, mellorando a normativa existente, adaptándoa á situación actual e reforzando os mecanismos de protección. Incluiremos aos menores no ámbito de protección da lei.

3.5. Máis autonomía persoal

- 60.** Melloraremos a fiscalidade dos patrimonios protexidos de persoas con discapacidade.
- 61.** Garantiremos o acceso das persoas con discapacidade ao sistema educativo en todas as etapas. Reforzaremos os mecanismos que permitan o seu acceso á educación infantil.

3.6. Integración: mesmos dereitos, mesmas obrigas

- 62.** Favoreceremos unha inmigración legal, ordenada e vinculada ao emprego, acabando coas regularizacións masivas. Loitaremos contra as mafias e o tráfico de persoas. Garantiremos sempre o respecto dos dereitos humanos e da dignidade das persoas con independencia da súa situación legal ou administrativa.
- 63.** Fomentaremos a rápida integración no sistema educativo dos nenos e mozos doutros países a través de programas de reforzo e aulas de enlace. Impulsaremos o establecemento de programas de aprendizaxe do castelán e das outras linguas cooficiais como ferramenta básica para a integración.

3.7. Xogo limpo

- 64.** Promoveremos o deporte de base mediante a definición dun marco xurídico adaptado ás actividades das asociacións deportivas.



- 65.** Poremos en valor perante a sociedade a achega que supón o deporte na creación de emprego, no crecemento económico e na revitalización de zonas desfavorecidas. Impulsaremos o patrocinio empresarial do deporte.

3.8. Cultura: creación, liberdade e herdanza

- 66.** Impulsaremos o mecenado para que tanto particulares como empresas se involucren no financiamento e promoción da cultura, substituíndo progresivamente o actual modelo baseado en subvencións.
- 67.** Prestaremos especial atención aos cambios que internet está producindo no mundo das industrias culturais, favorecendo as transicións que se operan neste novo marco da globalización.

3.9. Respectuosos co ambiente

- 68.** Asumiremos o compromiso de incrementar o noso patrimonio forestal como medio para incrementar a fixación de CO₂ e contribuír á loita contra o cambio climático. Impulsaremos o desenvolvemento do sector forestal a través de actuacións preventivas e de limpeza dos montes contra os incendios forestais. Favoreceremos o aproveitamento da biomasa e impulsaremos, en coordinación coas comunidades autónomas e os propietarios forestais, unha xestión e aproveitamento sostible dos montes.
- 69.** Fomentaremos a responsabilidade cidadá no respecto polo ambiente, a conservación da natureza, a preservación da biodiversidade e o coidado dos animais.



A administración, motor do cambio

No mundo globalizado, a calidade do noso ordenamento xurídico e a eficacia das nosas institucións son un poderoso factor de competitividade e deben ser parte vertebral da nosa estratexia de crecemento económico.

Na administración dos recursos públicos, a austeridade, a transparencia e a responsabilidade deben ser os principios reitores de todas as reformas.

A transformación á que se enfrontan agora as administracións debe perseguir tres obxectivos claros: unha provisión máis eficiente dos servizos públicos, unha participación máis eficiente do sector privado na prestación dos mesmos e unha mellora na rendición de contas apoiada na plena transparencia.

Unha función pública imparcial e de calidade é un elemento imprescindible para o bo funcionamento dun Estado moderno. É precisa unha nova política de recursos humanos, moderna, baseada na profesionalidade e nos principios de mérito e capacidade.

A reforma do noso sistema orzamentario, de execución e control do gasto é ineludible e debe ir acompañada de sistemas eficaces de medición dos resultados obtidos cos recursos empregados.

Avanzar na implantación dunha verdadeira administración electrónica segue a ofrecer un caudal de novas oportunidades, tanto pola posibilidade de ofrecer un mellor servizo aos cidadáns como pola oportunidade de obter significativas reducións de gasto público.

Un Estado moderno debe garantir os valores de certeza, seguridade xurídica e confianza lexítima. Algúns principios deben ser plenamente aceptados na actividade reguladora: previsibilidade nos obxectivos e horizontes temporais, competencias ben definidas, redución da discrecionalidade, transparencia nos procesos de decisión, diálogo regulador transparente entre as autoridades e os interesados, flexibilidade, axilidade, mínima intervención e pleno respecto polos mecanismos de mercado. Necesitamos normas claras, precisas, estables e facilmente aplicables, independentemente da súa orixe.

Todas as reformas deben ser aplicadas ao conxunto das administracións existentes en España. A descentralización é un poderoso instrumento de achegamento dos centros de decisión política aos cidadáns, pero só correctamente articulada pode ser eficiente. Aproveitar as vantaxes que engloba a descentralización política e administrativa esixe abordar con rigor moitos problemas que ata agora foron ignorados.

4.1. Transparencia

- 70.** Aprobaremos con carácter inmediato e, segundo os principios que inspiran o Convenio Europeo sobre Acceso aos Documentos Públicos, unha lei de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. A lei abordará dende unha perspectiva integral a transparencia como un dereito dos cidadáns e como un



principio básico de actuación de todas as administracións públicas, garantindo de xeito ponderado o dereito á protección de datos de carácter persoal e salvagardando sempre o interese xeral.

- 71.** Homoxeneizaremos a fixación das retribucións dos cargos electos locais, tendo en conta a dimensión dos municipios, as circunstancias socioeconómicas da súa contorna e os recursos económicos administrados.

4.2. Austeridade, avaliación e control

- 72.** Abordaremos a racionalización de estruturas administrativas e custos. Reduciremos o número de altos cargos, persoal eventual e os gastos correntes. Faremos un uso máis eficiente dos coches oficiais.
- 73.** Esixiremos que os orzamentos de todas as administracións distingan os gastos correspondentes a servizos públicos básicos daqueles que non o son. Deste xeito, os cidadáns terán un exacto coñecemento dos recursos destinados a funcións esenciais.

4.3. Un novo sector público

- 74.** Impulsaremos un catálogo básico nacional de servizos públicos esenciais para garantir a igualdade de todos os españois. Impulsaremos a obtención de acreditacións externas de calidade que garantan aos cidadáns os maiores estándares na prestación dos servizos públicos.
- 75.** Reduciremos o número de entes e organismos do sector público para garantir unha xestión máis transparente e eficiente. Suprimiremos todos aqueles entes que non respondan a unha racionalidade económica ou administrativa, supoñan mingua de transparencia ou de garantías xurídicas ou cuxa actividade poida ser realizada pola administración cos seus actuais medios.

4.4. Autonomías comprometidas co interese xeral

- 76.** Delimitaremos con maior precisión o marco competencial de cada unha das administracións, evitando os solapamentos innecesarios, a proliferación de estruturas burocráticas e o aumento excesivo do persoal ao servizo das administracións.
- 77.** Desenvolveremos indicadores de avaliación e intercambios de información que permitan o contraste público da eficacia e eficiencia das distintas administracións na prestación de servizos públicos.

4.5. Concellos do século XXI

- 78.** Aprobaremos unha nova lei básica do goberno e administración local que, partindo do pleno respecto pola autonomía dos entes locais, atribúa con maior precisión as



Súmate ao cambio

competencias destas administracións e lles proporcione instrumentos máis axeitados para a xestión. Impulsaremos a súa tramitación conxunta co novo modelo de financiamento local.

- 79.** Fomentaremos a agrupación voluntaria de municipios tendo en conta a capacidade organizativa e financeira para unha prestación óptima dos servizos.



Unha democracia exemplar

O sistema democrático aséntase sobre a actuación dos poderes públicos axustada a normas xurídicas e sobre institucións definidas nas que se depositan as potestades públicas. Do axeitado funcionamento das institucións dependen o vigor da vida democrática, a fortaleza e a credibilidade do compromiso que vincula a representantes e representados.

Precísase un importante esforzo de diálogo e reforma para ofrecer solucións duradeiras ás esixencias dunha sociedade democrática avanzada. Unha sociedade cunha crecente diversidade na que ninguén debe ser nin sentirse excluído, na que todos gocen dos mesmos dereitos e deberes con pleno respecto pola Constitución e as leis.

O Partido Popular amplía a todos os ámbitos do seu programa un obxectivo de rexeneración ao que vai responder tamén o conxunto da súa acción de goberno.

Cremos na política como compromiso. O Partido Popular quere plasmar este compromiso co futuro de España na proposta dun proxecto compartido de progreso social e económico.

Precisamos fortalecer as institucións democráticas para restaurar o tecido de confianza sen o que ningunha sociedade pode facer fronte a probas como as que hoxe urxe superar. Os españois podemos e debemos superar estas probas.

A exemplaridade e a transparencia deben presidir a actuación de quen asume responsabilidades públicas, nunha dobre dimensión, persoal e institucional. O Partido Popular comprométese a promover a transparencia, a austeridade e o rigor e a loitar contra a corrupción, tanto na dirección política como no conxunto da actuación das administracións públicas.

Un ordenamento xurídico contradictorio e excesivo, dependente de impulsos lexislativos arbitrarios, é un lastre insuperable para o crédito dunha sociedade. Necesitamos un marco xurídico predicible, con normas eficaces, aplicadas por institucións e órganos con garantía de cualificación e transparencia. Un marco de estabilidade e confianza fai posibles as mellores iniciativas e os proxectos máis solventes.

Debemos revalorizar o significado da Constitución como froito do gran pacto político e de reconciliación entre españois. Nese acordo e, dentro do marco que a Constitución define e garante, os españois acadamos os nosos mellores éxitos.



5.1. Rexeneración política e institucional

- 80.** Promoveremos, con sincera actitude de diálogo, todas as accións e acordos políticos que favorezan o entendemento e a concordia entre todos os españois en torno aos valores constitucionais.
- 81.** Revitalizaremos o Parlamento axilizando os procedementos de debate e a actividade dos deputados e senadores. Recoñeceremos o dereito da oposición a promover iniciativas sen a utilización arbitraria e o abuso do veto que se produciu nos últimos anos. Recuperaremos o sentido constitucional do decreto-lei. Os membros do goberno presentarán ao inicio do seu mandato un plan de obxectivos que se actualizará anualmente.

5.2. Xustiza áxil e previsible

- 82.** Promoveremos un cambio de modelo da oficina xudicial que a faga eficaz, accesible e transparente para o xustizable e que asegure a unidade de xestión en todos os órganos xurisdicionais. Impulsaremos unha axencia que articule un sistema informático único e permita o coñecemento inmediato en rede dos datos xudiciais e dos que constan nos rexistros públicos relacionados coa administración de xustiza.
- 83.** Reformaremos o sistema de penas do Código Penal, introducindo a pena de prisión permanente revisable, a posibilidade de aplicación de medidas de seguridade pospenais, o cómputo de beneficios penais sobre cada unha das penas impostas e unha nova regulación da multirreincidencia.
- 84.** Fortaleceremos a función casacional do Tribunal Supremo.

5.3. O prestixio do Tribunal Constitucional

- 85.** Modificaremos o procedemento de elección dos maxistrados do Tribunal Constitucional para evitar dilacións indebidas.
- 86.** Restableceremos o recurso previo de inconstitucionalidade na tramitación das reformas dos Estatutos de autonomía. Atribuiremos á xurisdición ordinaria o amparo para garantir os dereitos fundamentais, reservando ao Tribunal Constitucional o exercicio da súa competencia nos supostos de interese constitucional de acordo co que dispoña a lei.

5.4. España máis segura

- 87.** Impulsaremos un plan de seguridade rural para loitar contra roubos en explotacións agropecuarias, aumentando a vixilancia e os controis, elaborando mapas de



delincuencia, endurecendo as penas por furtos e potenciando o despregamento da Garda Civil.

- 88.** Nas infraccións por incivismo, trasladaremos aos infractores o cobro da reparación dos estragos orixinados na vía pública. Reforzaremos a esixencia de responsabilidade de pais ou titores legais se se trata de menores de idade.

5.5. A derrota do terrorismo

- 89.** Non negociaremos con terroristas nin pola presión da violencia nin polo anuncio do seu cese. Este será un principio básico da política de seguridade do Estado.
- 90.** Promoveremos o recoñecemento e a memoria das vítimas e apoiaremos as iniciativas da sociedade civil neste sentido.



Política europea e proxección exterior

España precisa unha política exterior que reflicta perfectamente a nosa moderna sociedade. Os valores democráticos de consenso nados na Transición, que nos converteron nunha nación admirada, deben inspirar de novo a acción exterior.

É precisa unha nova acción exterior para recobrar o noso protagonismo como interlocutor fiable, previsible e respectado. As reformas económicas e institucionais que imos abordar contribuirán ao respecto internacional e á proxección exterior de España como democracia occidental avanzada, comprometida coa liberdade, a democracia e a defensa dos dereitos humanos.

A Unión Europea é a vocación do Partido Popular. Propoñemos unha política que sirva de referente na Unión Europea, influíndo nas súas decisións, achegando solucións e liderado e comprometéndonos cun euro estable, base de crecemento e de estabilidade económica e institucional.

A nosa pertenza á Comunidade Iberoamericana demándanos responsabilidade, á vez que ofrece mutuas oportunidades económicas e políticas a todos os seus membros. A nosa vocación americana é un activo para a nosa posición en Europa e na nosa relación cos Estados Unidos.

As revolucións no norte de África abriron oportunidades e incertezas. España asumirá un compromiso activo de axuda na consolidación da democracia no Mediterráneo en liña coa renovada política europea de veciñanza.

Queremos un goberno que axude á súa sociedade e ás súas empresas a abordar as oportunidades e a contribuír ao desenvolvemento en Asia e África. Estados Unidos é un socio e un aliado. O atlantismo é unha comunidade fundamental de valores e prosperidade compartida, imprescindible para que Europa poida ter un papel relevante no mundo.

Necesitamos unha proxección exterior que elabore respostas cribles nas axendas das organizacións internacionais, no G-20, na cooperación ao desenvolvemento e a loita contra a fame e a pobreza.

Queremos un servizo exterior racional, profesional e eficiente, que axude aos españois e ás nosas empresas a abordar as oportunidades internacionais.

Manteremos o noso compromiso e lealdade coas misións internacionais que desenvolvamos xunto aos nosos socios e aliados na salvagarda da paz, dos dereitos humanos e da nosa propia seguridade.



6.1. Referentes na Unión Europea

91. Propugnaremos a estrita observancia do pacto de estabilidade e crecemento na gobernación económica europea. Estamos comprometidos co euro como parte integrante fundamental do proxecto de progreso da Unión Europea.
92. Defenderemos unha Política Agrícola Común forte, dotada de medios suficientes para o noso sector agrícola e gandeiro. Asemade, debemos afianzar a seguridade alimentaria de Europa. A atención á reforma da Política Pesqueira Común tamén será prioritaria.

6.2. Unha España que conta

93. Reforzaremos a relación política cos nosos socios da comunidade iberoamericana de nacións. Favoreceremos o desenvolvemento de posicións comúns perante os grandes desafíos internacionais, culturais, educativos e científicos nos cumios iberoamericanos. Impulsaremos a negociación de acordos políticos, económicos e comerciais da Unión Europea cos países iberoamericanos.
94. Contribuiremos á democratización e ao progreso do norte de África poñendo en valor a experiencia da nosa propia Transición. Cos nosos socios da Unión Europea contribuiremos a impulsar o proceso de paz en Oriente Medio. Na África subsahariana participaremos activamente na necesaria modernización e no desenvolvemento económico, político, cultural, sanitario e científico do continente.

6.3. Españóis no exterior

95. Modernizaremos a administración española no exterior para facer máis eficiente a atención aos españois.
96. Axilizaremos, en colaboración coas comunidades autónomas, os trámites de retorno a España daqueles españois no exterior que o queiran facer, proporcionando información e acceso a axudas e abreviando os procedementos administrativos necesarios.

6.4. Unha moderna cooperación co desenvolvemento

97. Impulsaremos unha mellora na xestión e na avaliación da cooperación co desenvolvemento. Implantaremos análises de custo-efectividade e impacto. Coordinaremos a acción de todas as administracións conforme ás prioridades estratéxicas e aos criterios da Unión Europea.
98. Promoveremos as alianzas público-privadas e a responsabilidade social corporativa na cooperación co desenvolvemento.



6.5. A seguridade e a defensa de todos

- 99.** Poremos en marcha un plan de asistencia familiar para facilitar a mobilidade xeográfica, a vivenda, a educación, a sanidade, o idioma, a conciliación e a seguridade dos cuarteis e dos seus residentes.
- 100.** Revisaremos a lei da carreira militar co fin de preservar a seguridade xurídica, a profesionalidade, a axeitada formación e o futuro das nosas Forzas Armadas.